



BASES DO “I CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL” E “I CERTAME NADAL NO MEU LAR” NO CONCELLO DE LAXE

Cos obxectivos de dinamizar e promocionar o comercio local, así como cos de ofrecer alternativas de ocupación do tempo libre e alternativas de “ocio virtual” á poboación nestes tempos en que as medidas de prevención e recomendacións sanitarias para evitar a propagación da pandemia da COVID-19 así seguen a aconsellar, a Concelleira de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe, propoñemos as seguintes **BASES REGULADORAS** para estes dous certames a celebrar no **NADAL 2021-2022**.

BASES REGULADORAS DO “I CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL”

INTRODUCCIÓN

Dado o éxito da convocatoria que tivo o Certame de Escaparates de Entroido e coa mesma finalidade que tiña este de dinamizar, dar a coñecer e promover a visita e a compra nos establecementos do noso Concello, propoñemos o seguinte certame no que poderán participar todos os locais e comercios da nosa vila.

A competición consistirá en valorar e premiar a mellor decoración do escaparate ou entrada do local/comercio neste nadal 2021 na que o xurado, será a poboación, en xeral, e a veciñanza do noso concello, en particular.

1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste certame todos os locais e comercios do Concello de Laxe, que así o fagan saber ó concello, entregando a correspondente folla de inscrición que de poderá ser descargada da nosa web a partir do luns 20 de decembro e/ou recollida na Casa do Concello en versión impresa.

2. PRAZOS

- **PRAZO DE INSCRICIÓN DOS ESTABLECEMENTOS** de forma presencial na Casa do Concello ou de forma telemática, a través da Sede Electrónica Municipal: **do 20.12.2021 ó 31.12.2021**. Cada establecemento que desexe participar, deberá remitir o modelo de folla de inscrición que poderá descargarse da web dende o día 20 de decembro ou recollese impreso nas Oficinas Xerais Municipais, no que consentirán a difusión das imaxes decorativas dos seus escaparates e/ou entradas de Nadal dos seus establecementos nas redes sociais, WhatsApp, así como tamén na páxina web municipal.
- **A PARTIR DAS 10.00 HORAS DO DÍA 03 DE XANEIRO do 2022, responsables do Concello de Laxe tomarán fotografías** dos escaparates e/ou entradas dos establecementos que previamente se inscribiran e **iránse subindo tanto á páxina web municipal como ó perfil do Facebook do Concello de Laxe e servizo de NovasLaxe** para que cada persoa, nominadamente e con independencia do seu lugar de procedencia, poida emitir o seu voto ó establecemento que segundo el ou ela, mereza gañar o certame deste Nadal.
- **PRAZO DE VOTACIÓN POPULAR: DO 4 de XANEIRO do 2022 ata ás 11.00 horas do 10 DE XANEIRO do 2022.**



- **RESOLUCIÓN DO CERTAME, ENTREGA DE DIPLOMA E AGASALLO CONMEMORATIVO** a aquel establecemento que máis votos reciba a través das diferentes canles habilitadas: o **VENRES 14 DE XANEIRO do 2022**.

3. VOTACIÓNS.

Para que cada persoa poida emitir os seus votos, habilitaranse **3 vías para facelo**:

3.1 POR MENSAXERÍA WHATSAPP ENVIANDO UNHA MENSAXE AO NÚMERO DE TELÉFONO DE NOVASLAXE: **657 771 006** co nome do establecemento elixido.

3.2 A TRAVÉS DA PÁXINA DO FACEBOOK DO CONCELLO DE LAXE, dando un “me gusta” á imaxe do escaparate/local mellor decorado.

3.3. DE MANEIRA PRESENCIAL, depositando unha papeleta de voto no **BUZÓN HABILITADO Ó EFECTO** na planta baixa da Casa do Concello, en horario de mañá, de 09.00 a 14.00 horas na planta baixa.

- Haberá follas de votación ó carón do buzón.

- No caso de que unha mesma persoa emita varios votos, só se terá en conta o primeiro voto que se recolla do buzón.

4. DO XURADO E DO PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DOS ESCAPARATES GAÑADORES.

- **O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos** a través das canles antes mencionadas.
- **O establecemento gañador, será aquel que máis votos reciba a través das 3 canles sinaladas: Facebook, WhatsApp e Buzón.**
- **Do procedemento.**
 - **Ás 11.00 horas do LUNS 10 DE XANEIRO pecharase o prazo para emitir votacións e farase o recuento destas.** Non serán tidas en conta todas aquelas que se fagan despois dese horario.
 - **O persoal do concello será o encargado de recompilar e sumar todos os votos emitidos** por calquera das 3 canles xa comentadas.

5. DO PREMIO.

- Unha vez sumados os votos, comunicaráselle ó establecemento gañador.
- **O VENRES 14 DE XANEIRO do 2022, faráselle entrega dun diploma e agasallo conmemorativo á persoa propietaria do establecemento ou en quen delegue** no seu propio local.
- Unha vez entregado o premio, difundirase o resultado deste certame nas canles dixitais municipais, así como ós medios de comunicación locais habituais.

6. DEREITOS DE AUTOR e PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



- **O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das fotografías tomadas dos diferentes establecementos**, sen que, en ningún caso, medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor.
- Cada establecemento participante no devandito Certame consinte que o Concello de Laxe faga públicos os datos relativos ó nome, enderezo e datos de contacto do dito establecemento, así como a fotografía da persoa propietaria de dito establecemento no momento da recollida e entrega do premio do concurso, que se fará pública para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición.
- Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.
- O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s que emitan os seus votos, en ningún caso serán feitos públicos, pero si serán necesarios para comprobar a súa identidade na emisión dos votos-
- De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados. Se desexa exercer-los seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

7. A participación neste certame supón a TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.



BASES REGULADORAS “I CERTAME NADAL NO MEU LAR” DO CONCELLO DE LAXE 2021-2022

INTRODUCCIÓN

Coa finalidade de dinamizar estas datas de Nadal, de coñecer e compartir como vive a veciñanza laxense o Nadal nos seus lares, convocamos este certame que agardamos xere agradables e divertidos momentos que compartiremos telematicamente grazas ás posibilidades de comunicación e visibilidade que nos brinda a rede de internet.

1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste certame todos as persoas físicas, menores ou maiores de idade, que, de xeito individual ou en pequeno grupo de persoas conviventes, queiran presentar unha fotografía na que apareza algún espazo do seu fogar que se atope decorado e ambientado para estas datas do Nadal.

2. DA IMAXE CANDIDATA A SER PREMIADA E DA FORMA DE PARTICIPACIÓN

- **As fotografías deberán remitirse ó correo electrónico de cultura@concellodelaxe.com ou ben envialas por mensaxería whatsapp ao número de teléfono de NovasLaxe: 657 771 006.**
 - **Só se admitirán imaxes en formato JPEG ou PNG.**
 - **O nome dado ó arquivo da imaxe, deberá coincidir co nome da persoa participante e/ou grupo de persoas conviventes que participen e deberá remitirse xunto cunha frase que defina o nadal no voso lar.**
 - **En ningún caso, serán admitidas imaxes que vulneren ou poñan en risco a imaxe e dereitos de terceiras persoas ou que teñan un carácter ofensivo e degradante en contra de persoas e/ou seres vivos en xeral.**
 - **Na fotografía só aparecerá o espazo decorado elixido pero non as persoas participantes.**
- **A FOLLA DE INSCRICIÓN poderá descargarse na web municipal ou recollerse impresa nas Oficinas Xerais do Concello, a partir do luns 20 de decembro, e necesariamente, ha de entregarse cuberta ben nas Oficinas Xerais da Casa do Concello ou remítela de forma telemática, a través da sede electrónica municipal, sempre e cando a persoa solicitante conte con sinatura dixital.**

3. PRAZOS.

- **PRAZO DE INSCRICIÓN E DE REMISIÓN DAS FOTOGRAFÍAS: do 20.12.2021 ata as 11.00 horas do 03.01.2022.**
- **A PARTIR DAS 11.00 HORAS DO DÍA 03 DE XANEIRO do 2022, responsables do Concello de Laxe irán subindo tanto á páxina web municipal como ó perfil do Facebook do Concello de Laxe e servizo de NovasLaxe as diferentes fotografías para que cada persoa, nominadamente e con independencia do seu lugar de procedencia, poida emitir o seu voto ó establecemento que segundo el ou ela, mereza gañar o certame “Nadal no meu lar” deste Nadal.**
- **PRAZO DE VOTACIÓN POPULAR: DO 4 de XANEIRO do 2022 ata ás 11.00 horas do 10 DE XANEIRO do 2022.**



- **RESOLUCIÓN DO CERTAME, ENTREGA DE DIPLOMA E AGASALLO CONMEMORATIVO** a a ou grupo de persoas que remitisen a fotografía que máis votos obtivesen: o **VENRES 14 DE XANEIRO do 2022.**

4. VOTACIÓNS.

Para que cada persoa poida emitir os seus votos, habilitaranse **3 vías para facelo:**

3.1 POR MENSAXERÍA WHATSAPP ENVIANDO UNHA MENSAXE AO NÚMERO DE TELÉFONO DE NOVASLAXE: **657 771 006** co nome do establecemento elixido.

3.2 A TRAVÉS DA PÁXINA DO FACEBOOK DO CONCELLO DE LAXE, dando un “me gusta” á imaxe do escaparate/local mellor decorado.

3.3. DE MANEIRA PRESENCIAL, depositando unha papeleta de voto no **BUZÓN HABILITADO Ó EFECTO** na planta baixa da Casa do Concello, en horario de mañá, de 09.00 a 14.00 horas na planta baixa.

- Haberá follas de votación ó carón do buzón.

- No caso de que unha mesma persoa emita varios votos, só se terá en conta o primeiro voto que se recolla do buzón.

5. DO XURADO E DO PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DA IMAXE GAÑADORA.

- **O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos** a través das canles antes mencionadas.
- **A fotografía gañadora, será aquela que máis votos reciba a través das 3 canles sinaladas: Facebook, WhatsApp e Buzón.**
- **Do procedemento.**
 - **Ás 11.00 horas do LUNS 10 DE XANEIRO pecharase o prazo para emitir votacións e farase o recuento destas.** Non serán tidas en conta todas aquelas que se fagan despois dese horario.
 - **O persoal do concello será o encargado de recompilar e sumar todos os votos emitidos** por calquera das 3 canles xa comentadas.

6. DO PREMIO.

- Unha vez sumados os votos, comunicaráselle ó establecemento gañador.
- **O VENRES 14 DE XANEIRO 2022,** faráselle **entrega dun diploma e agasallo conmemorativo á persoa remitente da fotografía gañadora.**
- Unha vez entregado o premio, **difundirase o resultado deste certame nas canles dixitais municipais, así como ós medios de comunicación locais habituais.**

7. DEREITOS DE AUTOR e PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



- **O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das fotografías tomadas dos diferentes establecementos**, sen que, en ningún caso, medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor.
- Cada persoa participante no devandito Certame consinte que o Concello de Laxe faga pública a fotografía remitida ó mesmo, así como que os seus datos persoais (nome e apelidos) e imaxe se fagan públicos no momento da recollida e entrega do premio do concurso, para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición.
- Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este.
- O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s que emitan os seus votos, en ningún caso serán feitos públicos, pero si serán necesarios para comprobar a súa identidade na emisión dos votos-
- De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados. Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

8. A participación neste certame supón a **TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.**